



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 11 **Agricultura ecolóxica**

Submedida 11.1 **Pago para o cambio a prácticas e métodos** **de agricultura ecolóxica**



Índice

<u>1. Medida 11. Agricultura ecolóxica</u>	3
<u>1.1. Submedida 11.1 Pago para o cambio a prácticas e métodos de agricultura ecolóxica</u>	3
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	3
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	4
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	4
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	5
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	5
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	5
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	6
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	6
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	7

1 Medida 11. Agricultura ecolóxica

O sector da agricultura ecolóxica continúa sendo un terreo por desenvolver en Galicia. Por iso establécese esta medida no PDR co fin de fomentar tanto o cambio de prácticas agrarias cara á agricultura ecolóxica, como o mantemento das superficies xa integradas neste sistema.

A medida orientase á promoción do cambio das prácticas agrícolas habituais cara aos sistemas de produción ecolóxica definidos no Regulamento (CE) 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, e ao mantemento dos mesmos.

Establécense dúas submedidas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020:

- ✓ Submedida 11.1 Pago para o cambio a prácticas e métodos de agricultura ecolóxica
- ✓ Submedida 11.2 Pago para o mantemento de prácticas e métodos de agricultura ecolóxica

1.1 Submedida 11.1 Pago para o cambio a prácticas e métodos de agricultura ecolóxica

A axuda prevista no marco da presente medida concederáse por hectárea de superficie agrícola aos agricultores que se comprometan voluntariamente a adoptar prácticas e métodos de agricultura ecolóxica definidos no Regulamento (CE) 834/2007 do Consello e que reúnan a condición de agricultor activo segundo o establecido no capítulo I do título II do Real Decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

1.1.1 Que tipo de actuacións se financian?

As axudas concederáse anualmente e compensarán aos beneficiarios pola totalidade dos custos adicionais e as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos. Son incompatibles coas axudas da medida de agroambiente e clima, coa excepción da submedida de “Razas autóctonas en perigo de extinción”, á cal si poderán acceder os beneficiarios das axudas da presente medida. Tamén son incompatibles coas axudas da submedida 11.2 pago para o mantemento de prácticas e métodos de agricultura ecolóxica.

1.1.2 Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios destes pagos os agricultores (persoas físicas ou xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación agraria inscrita no correspondente

registro, que reúnan a condición de agricultor activo segundo o establecido no capítulo I do título II do Real Decreto 1075/2014, do 19 de decembro, que cumpran as condicións de elixibilidade e comprométanse voluntariamente a realizar operacións baseadas en compromisos da agricultura ecolóxica.

1.1.3 Como se outorga a axuda?

A axuda outorgarase en base a convocatoria de subvencións, cun pago anual por hectárea. As axudas abarcarán o período de conversión á agricultura ecolóxica que terá unha duración máxima de 2 anos no caso de cultivos anuais e pastos, e de 3 anos en cultivos permanentes distintos de pastos. Finalizado este período de conversión continuarase cos compromisos e a axuda de mantemento de agricultura ecolóxica (submedida 11.2) ata alcanzar unha duración total (conversión e mantemento) de 5 anos, sendo posible a súa prórroga anual unha vez finalizado este período. Durante todo o período non será posible aumentar as unidades comprometidas. O paso da axuda de conversión á de mantemento farase no ano de compromiso no cal o período de conversión abarque menos da metade do ano natural (é dicir, que finalice antes do 31 de xullo do devandito ano).

1.1.4 Que tipo de gastos se financian?

Os gastos subvencionables serán a totalidade dos custos adicionais e as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos. As axudas e os seus compromisos establécense en base á superficie agraria útil (SAU) e aplicaranse a nivel de parcelas fixas. Excluíranse da axuda as superficies de uso en común e as superficies de interese ecolóxico indicadas no artigo 24.2 do Real Decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

Os compromisos contraeranse por un período de 5 anos divididos en dous tramos: conversión a agricultura ecolóxica por unha duración de 2 ou 3 anos, segundo o tipo de cultivo, e mantemento en agricultura ecolóxica polos anos necesarios ata completar o período de 5 anos de compromisos. Finalizado este período será posible a súa prórroga anual.

Durante o período do compromiso non se aceptará o incremento da superficie nin das colmeas comprometidas. As explotacións beneficiarias asumirán os seguintes compromisos:

- ✓ Empregar as técnicas de produción ecolóxica establecidas no Regulamento (CE) 834/2007 e demais normativa de aplicación.
- ✓ Estar inscrito no correspondente rexistro de operadores de agricultura ecolóxica.
- ✓ Obter a certificación da produción agraria como ecolóxica, de acordo co Regulamento (CE) 834/2007.



- ✓ Manter o caderno de explotación esixido en agricultura ecolóxica a efectos dun control das producións.
- ✓ Manter a superficie comprometida durante os anos que dure o compromiso. Con todo, o número de hectáreas ás que se aplicará un compromiso poderá reducirse, a condición de que non se comprometa o logro do compromiso; en calquera caso, a redución da superficie cuberta por unha submedida nunca poderá exceder o 10% da superficie suxeita á mesma ao comezo do compromiso, salvo polas casuísticas previstas nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 47 do Regulamento (UE) 1305/2013.
- ✓ En caso de apicultura ecolóxica manteranse durante os anos que dura o compromiso, as colmeas comprometidas que como mínimo serán 80. Se se dispón de varias alvarizas, a distancia entre as alvarizas do mesmo beneficiario será polo menos de 1 km.
- ✓ Manter actualizado o caderno de explotación esixido en agricultura ecolóxica a efectos do control das producións.

1.1.5 Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

As explotacións beneficiarias da axuda deberán recibir asesoramento específico dunha entidade de asesoramento autorizada. Non serán elixibles os produtores que estean a cobrar primas de mantemento de agricultura ecolóxica.

A liña de base non será unha condición de admisibilidade senón que terá a consideración doutras obrigacións.

1.1.6 Que criterios serán utilizados para a selección?

De acordo co artigo 49.2 do Regulamento (UE) 1305/2013 defínense os seguintes criterios de selección a aplicar para a determinación da orde de prelación dos beneficiarios:

- ✓ Agricultura en zonas sensibles (Rede Natura 2000)
- ✓ Municipios designados como zonas de montaña

1.1.7 A canto ascende esta axuda?

Establécese unha axuda específica de agricultura ecolóxica, segundo tipo de cultivo por hectárea de superficie indemnizable, que será aquela na que se respectan os compromisos desta submedida:

- ✓ Cultivos herbáceos: 245€/ha S.I.
- ✓ Froiteiros (pebida e óso): 385€/ha S.I.





- ✓ Outros froiteiros: 165€/ha S.I.
- ✓ Hortícola aire libre: 469€/ha S.I.
- ✓ Hortícolas baixo plástico: 600€/ha S.I.
- ✓ Viñedo para vinificación: 897€/ha S.I.
- ✓ Prados e cultivos forraxeiros: 331€/ha S.I.
- ✓ Prados arbustivos e arboredos: 99€/ha S.I.
- ✓ Apicultura: 35€/colmea

No caso de gandería ecolóxica en conversión, outorgarase unha axuda de 331 €/ha da superficie indemnizable de prados e cultivos forraxeiros. A superficie indemnizable calcularase a partir da superficie forraxeira da explotación á que se lle apliquen os compromisos da submedida. No caso de superficies de pastos arbustivos e pastos arborizados aplicaráselles un coeficiente redutor de 0,30 ao importe unitario da axuda. Ademais, para o cálculo da superficie indemnizable só se terán en conta as superficies situadas no municipio da explotación ou limítrofes.

No caso de apicultura ecolóxica establécese unha axuda de 35 € por colmea en conversión, cun máximo de 80 colmeas por alvariza. Só se computarán as colmeas situadas en alvarizas que estean a unha distancia de, polo menos, 1 km respecto do resto de alvarizas do mesmo apicultor, que garante unha superficie pecoreada de 78,54 ha. por alvariza. Desta forma, o importe da axuda calcúlase coa fórmula $80 * 35 \text{ €} / 78,54 = 35,65 \text{ €}$.

1.1.8 Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Xestión da PAC do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) da Consellería do Medio Rural.

1.1.9 Marco normativo

- ✓ Regulamento (CE) N° 834/2007 do Consello, de 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos
- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) N° 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de





decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, no que establecen disposicións relativas á aplicación da condicionalidade

- ✓ Regulamento (UE) N° 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da Política Agrícola Común
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, de 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

1.1.10 Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información do Consello Regulador da produción ecolóxica de Galicia
<http://www.craega.es/index.php>
- ✓ Información sobre Condicionalidade (Fondo Galego de Garantía Agraria)
http://fogga.xunta.gal/es/politica_agraria_comun/pac_2015_2020
- ✓ Nota Técnica N° 03 - Pago para prácticas beneficiosas para o clima e medio ambiente (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/agricultura/temas/pac/ficha_3_170307_tcm30-379801.pdf
- ✓ Nota Técnica N° 07 - Condicionalidade (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/agricultura/temas/pac/ficha_7_170307_tcm30-379805.pdf
- ✓ Decálogos da condicionalidade (Fondo Español de Garantía Agraria)
http://www.fega.es/PwfGcp/es/accesos_directos/condicionalidad/Los_decalogos_de_la_condicionalidad.jsp
- ✓ Documentos xerais de cumprimento da condicionalidade (Fondo Español de Garantía Agraria)
http://www.fega.es/PwfGcp/es/accesos_directos/condicionalidad/Documentos_generales_para_el_cumplimiento_y_control_de_la_condicionalidad.jsp





- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.10.3.1 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

